

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E SAÚDE MENTAL FEAFES GALICIA (FEDERACIÓN GALEGA DE ASOCIACIÓNS DE FAMILIARES E PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL DE GALICIA), PARA O FINANCIAMENTO DUN PROGRAMA DE APOIO SOCIO-EDUCATIVO COMUNITARIO E PREVENCIÓN DA SITUACIÓN DE DEPENDENCIA NO MEDIO RURAL A PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL RESIDENTES EN GALICIA NO EXERCICIO 2022**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O director xeral de Persoas con Discapacidade,

**DECLARA:**

Que a Consellería de Política Social e Xuventude ten previsto formalizar coa entidade FEAFES Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2022. Non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2022 sempre e cando amparen actuacións encamiñadas a asegurar o correcto cumprimento dos acordos acadados.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a colaboración por parte da Consellería de Política Social e Xuventude no financiamento do programa específico orientado ao apoio socio-educativo comunitario e a prevención das situacións de dependencia no medio rural para persoas con enfermidade mental en Galicia que Saúde Mental FEAFES Galicia (Federación Galega de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia) ten previsto desenvolver durante o ano 2022

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

Actualmente faise preciso establecer medidas orientadas á prevención e promoción da autonomía persoal das persoas con enfermidade mental, desenvolvendo programas co obxectivo de recuperar á persoa e acompañala neste proceso, así como a súa familia e persoas cuidadoras, evitando a cronificación desta situación e previndo o desenvolvemento dunha situación de dependencia, especialmente naqueles espazos onde a implantación de servizos e programas específicos é débil, como é o medio rural

aos requisitos previstos no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no 36 c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, Saúde Mental FEAFES Galicia (Federación Galega de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia) é a única federación de iniciativa social de ámbito autonómico que desenvolve, no ámbito da Comunidade Autónoma galega, programas e actuacións para a mellora da calidade de vida das persoas con enfermidade mental e as súas familias/e ou persoas cuidadoras, a defensa dos seus dereitos e a representación e defensa do movemento asociativo en Galicia, brindando apoio e coordinación ás asociacións que a integran, dispoñendo da experiencia, capital



humano e medios axeitados para desenvolver esa atención. A especialidade ven dada polas persoas destinatarias, persoas con enfermidade mental residentes nunha contorna rural.

Así mesmo, as actuacións obxecto deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira, a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Xuventude previsto no 124/2022, do 23 de xuño, e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social. Polo tanto queda xustificada a concesión directa desta subvención, en aplicación do artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que permite establecer convenios a través dos cales se canalizan estas subvencións.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustifico o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asino esta memoria dixitalmente en Santiago de Compostela

